



Adolfo Revuelta Fernández, o “Tissié español”: a súa etapa en Santiago de Compostela (1903-1923)

***(Adolfo Revuelta Fernández, the Spanish Tissié: the Santiago de
Compostela years 1903-1923)***

José Luís ANTAS RAMOS

Mestre do CEIP Concepción Arenal da Coruña

RESUMO: Adolfo Revuelta Fernández (1867-1935) graduouse na Escola Central de Ximnástica en 1889. Entre 1903 e 1923 exerceu de profesor da disciplina de Ximnasia no Instituto de Santiago e na Escola Normal. Introduciu as prácticas deportivas en Compostela, organizou as primeiras competicións e creou o primeiro club deportivo. Na súa cátedra no Instituto innovou a metodoloxía do ensino da Ximnasia aplicando o sistema sueco segundo a proposta desenvolvida polo doutor francés Philippe Tissié. Afondou nese modelo dedicando unha especial atención ao ámbito da educación física da muller. Divulgou as súas experiencias educativas a través de artigos, escritos e conferencias, ademais de promover ao longo de toda a súa vida a saúde e as prácticas físicas. Introduciu o movemento de exploradores (*scoutismo*) en Santiago e organizou e participou en múltiples das súas actividades. Na etapa final da súa traxectoria docente puxo a súa bagaxe compostelá ao servizo de iniciativas pioneiras, como o Curso Civil de Especialización en Educación Física para Mestras e Mestres na Escola Normal Central.

PALABRAS CHAVE: Adolfo Revuelta; ximnasia; muller; deporte; *scoutismo*.

ABSTRACT: Adolfo Revuelta Fernández (1867-1935) graduated from the Central Gymnastics School in 1889 and worked as a gymnastics teacher at the Santiago Institute and the city's Normal School there from 1903 to 1923. During his time in Santiago, Revuelta organised the first sports competitions in the city and created its first sports club. He transformed the way gymnastics was taught by applying the Swedish system propagated by the French neuropsychiatrist Philippe Tissié, particularly in relation to physical education for women. He disseminated his educational experiences in articles, books and lectures, and was a lifelong advocate of healthy living and physical activity. He brought the boy scout and girl guide movements to Santiago and organised and participated in many of their activities. Towards the end of his teaching career, Revuelta used his experience in Compostela to develop several pioneering initiatives, such as a preparatory course in physical education for primary school teachers at the Central Normal School in Madrid.

KEYWORDS: Adolfo Revuelta; gymnastics; women; sports; boy scout and girl guide movements.

Introdución

No ano 1903, ao ser nomeado para ocupar a praza de profesor titular de Ximnasia no Instituto de Santiago, Adolfo Revuelta contaba xa cunha década de experiencia docente en que puxera en práctica o modelo ximnástico aprendido como estudante. Mais tamén, evidenciando dende o inicio da súa vida profesional unha actitude de busca na procura dun modelo de educación corporal integral, incorporara modernas actividades deportivas á súa praxe, o que representaba unha absoluta innovación no contexto da época. Asemade, gozaba da estima dos seus compañeiros de profesión e do recoñecemento do traballo realizado a favor do desenvolvemento do fútbol na cidade do seu centro de procedencia, Palma de Mallorca.

Porén, ao deixar atrás Compostela, 20 anos despois, abandonara de xeito público e notorio o inicial modelo ximnástico, desbotara parte da súa experiencia, transformara a súa práctica educativa, afondado na educación física da muller, e incorporara experiencias educativas desenvolvidas fóra das institucións escolares. Na madurez, o seu denodado labor de promoción e desenvolvemento da educación física levouno a gañarse o alcume do “Tissié español”.¹

As dúas décadas de experiencia docente e de vivencias en Compostela permitíronlle atopar o camiño que estaba a pescudar e converterse no profesor que quería ser. Achegarse a esa etapa e ao modelo educativo de Adolfo Revuelta é a pretensión deste artigo.

A formación inicial e os primeiros pasos de Adolfo Revuelta

Adolfo Revuelta Fernández era natural de Madrid, onde nacera o 15 de marzo de 1867. Aos 20 anos de idade accedeu á Escola Central de Profesores e Profesoras de Ximnástica, momento dende o que a súa traxectoria vital quedou unida de xeito indelével á súa paixón pola educación física.

Pertenceu á primeira promoción de profesorado formada na institución impulsada polo pensamento liberal español para incorporar o ensino da Ximnasia ao sistema educativo. Non obstante, esta escola, que estivo en funcionamento dende outubro de 1887 até xuño de 1892, resultou unha iniciativa truncada que, como expuxo o investigador Martínez Navarro, “rezumaba intelectualismo, teoría” e unha clara vinculación coas escolas ximnásticas que seguían o modelo atlético-militar.²

En todo caso, e á marxe de que Adolfo Revuelta cuestionase anos máis tarde os fundamentos ximnásticos das ensinanzas recibidas, mostrouse como un alumno aplicado que se sentía cómodo, e disposto a asumir responsabilidades, nun modelo e un sistema

¹ Foi denominado o “Tissié español” en referencia a Philippe Auguste Tissié (1852-1935) quen, xunto a Pierre de Coubertin e Paschal Grousset, está considerado un dos fundadores da educación física francesa. Tissié fora alcumado como o “Ling francés”: Alberto Langlade e Nelly R. de Langlade, *Teoría general de la gimnasia* (Bos Aires: Stadium, 1986), 28.

² Anastasio Martínez Navarro, “Datos para la historia de una iniciativa fallida: la Escuela Central de Gimnástica”, *Historia de la Educación, Revista interuniversitaria*, 14-15 (1995-96): 125-149.

manifestamente estruturado. No curso 1887-88 exerceu de xefe de sección das clases de Ximnástica sen Aparellos, e no seguinte ano académico exerceu o mesmo cargo na materia de Ximnástica con Aparellos. Nesta disciplina foi distinguido co premio ordinario no curso 1887-88 e no seguinte ano de estudos obtivo a mesma distinción en Pedagogía Ximnástica, ademais dun accésit na materia de Esgrima. Tamén obtivo Cualificación de Mérito no primeiro Certame de Exercicios Físicos que tivo lugar na Escola Central, no mes de xuño de 1889. Finalmente, o 27 de xullo dese mesmo ano superou a correspondente revalida para obter o título de profesor de Ximnástica coa cualificación de sobresáinte.³

Ademais de seren anos de aprendizaxe, o período de formación foi tamén unha época de intensas amizades, de grandes ilusións ante o reto que ían afrontar e, en igual medida, de organización e reivindicación. Adolfo Revuelta estableceu unha fraternal amizade con José Esteban García Fraguas e ambos formaron parte, no ano 1888, dunha comisión de alumnos da Escola Central encargada de transmitir ao ministro de Fomento o que consideraban “dereitos legais” dos graduados nela ao implantarse o ensino oficial da disciplina. Tras os anos de estudos e iniciando unha liña de acción orientada ao desenvolvemento da educación física, que Revuelta non abandonaría nunca, foron compañeiros na Asociación de Profesores e Profesoras Oficiais de Ximnástica, xurdida en 1891. A reivindicación deste colectivo de graduados era a creación das cátedras de Ximnástica nos institutos e o seu nomeamento como titulares das prazas, segundo establecera a Lei do 9 de marzo de 1883.⁴

Durante o proceso de implantación da materia, Adolfo Revuelta publicou un artigo crítico coas actuacións ministeriais que recollía, en certa medida, o sentir da Asociación. Anos máis tarde desvelaría a participación na sombra do seu amigo García Fraguas ao elaborar o texto aparecido no xornal *El País*, en 1893, baixo o título “Campo neutral. Las cátedras de gimnástica”. Segismundo Moret Prendergast, ministro de Fomento, acababa de establecer as medidas necesarias para a aplicación efectiva da disposición que incorporaba a disciplina de Ximnástica no segundo ensino, publicada un ano antes por Aureliano Linares Rivas. Pero os anhelos do profesorado máis novo e maioritario víronse frustrados polo que consideraban unha afronta de Eduardo Vincenti Reguera, director xeral de Instrución Pública, ao manter o criterio xeral de antigüidade para a provisión das cátedras. A petición que reflectía Revuelta era a de que as vacantes fosen asignadas nun concurso específico, xustificada baixo o argumento de que o ensino da ximnasia precisaba “gran dispendio de enerxías físicas” e, polo tanto, necesitaba “maestros jóvenes y entusiastas”.⁵

³ Arquivo Histórico do Instituto Xelmírez (AHIX), Expediente persoal de Adolfo Revuelta Fernández.

⁴ *La Correspondencia de España*, 8 de novembro (1888): 3. Xabier Torrebadella Flix, “De la Asociación de Profesores y Profesoras Oficiais de Gimnástica (1891) al Colegio Nacional de Profesores de Educación Física (1948). Un análisis histórico para una crítica del presente. I parte (1891-1900)”, *Revista Española de Educación Física y Deportes*, 413 (2016): 79-95. Lei do 9 de marzo de 1883, *Gaceta de Madrid*, 69, t. I (1883, 10 de marzo): 537.

⁵ Adolfo Revuelta Fernández, “Campo neutral. Las cátedras de gimnástica”, *El País*, 21 de outubro (1893): 1. Real decreto do 26 de xullo de 1892, *Gaceta de Madrid*, 212, t. III, 30 de xullo (1892): 408; e Real orde do 1

O proceso de implantación da Ximnástica axustárase ao disposto e creáranse, en primeiro lugar, as prazas dos dez institutos que eran cabeza de distrito universitario e, posteriormente, as do resto de centros. Adolfo Revuelta, que dende a súa graduación exercera labores docentes en varios colexios e institucións de Madrid, obtivo destino no Instituto de Ávila e tomou posesión o día 1 de xullo de 1894. Nesa praza practicamente non exerceu ao serlle concedida unha permuta que o situou tomando de novo posesión, o 5 de outubro de 1894, no Instituto de Baleares.⁶

Coincidindo coa incorporación da disciplina ao ensino, García Fraguas publicou a súa obra *Tratado Racional de Gimnástica y de los ejercicios y juegos corporales*; o primeiro tomo en 1893 e, un ano máis tarde, un segundo volume que contiña dous capítulos escritos polo seu grande amigo e notábel “condiscípulo” o profesor Adolfo Revuelta, naquel momento titular da cátedra do Instituto de Ávila. Un dos capítulos estaba dedicado á denominada *ximnasia industrial*, isto é, a ximnasia racional practicábel nun ximnasio; e o outro á *ximnasia artística*, concepto que facía referencia aos exercicios de forza, axilidade, destreza e risco que se executaban nos espectáculos públicos.⁷

O segundo tomo do *Tratado Racional de Gimnástica* contaba tamén cunha colaboración dedicada á equitación escrita por Eduardo Fariñas Abril, profesor de Ximnástica do Instituto de Santiago dende 1893. Eduardo Fariñas e Adolfo Revuelta eran naturais de Madrid, ambos naceran en 1867 e tamén coincidiran na Escola Central no curso 1888-89, o primeiro comezando a súa formación e Revuelta rematándoa; se ben, ese mesmo ano académico, Eduardo Fariñas obtivera o grao na Escola de Veterinaria de Madrid.⁸

O primeiro dos volumes publicados por García Fraguas fora sinalado polo profesor Fariñas como libro de texto do Instituto de Santiago para o curso 1893-94. A obra foi censurada no mes de febreiro nun edicto do arcebispo da diocese de Santiago, José Martín de Herrera de la Iglesia; condena á que se sumou, semanas despois, o bispo de Salamanca, cidade onde o autor era profesor de Ximnástica do instituto. A censura, que provocou un novo debate arredor da liberdade de cátedra, deu lugar a un expediente reitoral en Compostela e foi utilizada polo arcebispo de Santiago para, dende a tribuna do Senado, criticar a política educativa do Goberno.⁹

de setembro de 1893, *Gaceta de Madrid*, 253, t. III, 10 de setembro (1893): 969.

⁶ Exerceu de profesor de Ximnasia nos colexios San José de Calasanz e Santo Ángel de la Guardia de Madrid; tamén no Centro do Exército e da Armada, na sociedade madrileña Fomento das Artes e nas seccións de Esgrima e Natación da Sociedade Ximnástica Española. Arquivo Xeral da Administración, Sección Educación, atado 5.872-19, Expediente persoal de Adolfo Revuelta Fernández.

⁷ A obra de García Fraguas contou cun terceiro volume publicado en 1896. As colaboracións sinaladas poden consultarse en: José Esteban García Fraguas, *Tratado racional de Gimnástica y de los ejercicios y juegos corporales. Teoría y Práctica de los Ejercicios Gimnásticos y del Sport* (Madrid: Casa Editorial y Librería de la Viuda de Hernando y Compañía, 1894), t. II, 487-550, 560-635.

⁸ Arquivo Xeral da Administración, Sección Educación, caixa 14.770, atado 4.801-27, Expediente persoal de Eduardo Fariñas Abril.

⁹ José L. Antas Ramos, “La elección de un texto escolar en el Instituto de Santiago: un conflicto entre el dogma católico y el conocimiento durante el curso 1893-1894”, en *Etnohistoria de la escuela. XII Coloquio Nacional*

Paralelamente, a Asociación de Profesores e Profesoras Oficiais de Ximnástica gardou silencio sobre a prohibición e, sen entrar a valorar a calidade ou pertinencia do libro, abriu un concurso restrinxido ao profesorado asociado para premiar o texto que se adaptase mellor ao marco da materia. A iniciativa non achou o libro de texto ideal, posto que o concurso quedou deserto, mais foi o xermolo dun distanciamento entre García Fraguas e o resto do profesorado que anos máis tarde acabaría por romper a relación do autor con Adolfo Revuelta e desbaratar a propia dinámica asociativa do colectivo.

Esta primeira xeración de profesores de Ximnástica tivo que sobreporse a múltiples dificultades nos seus anos iniciais, sen instalacións nin materiais, a expensas dos cambios no plan de estudos que a fixeron pasar de materia obrigatoria a opción voluntaria e viceversa, baixo unha sorte de discriminación económica no seu exercicio profesional, con escasa formación pedagóxica e, sobre todo, sen un centro de formación que puidese erixirse en referencia. A pesar diso, os obstáculos non se converteron na argamasa necesaria para aglutinar esforzos, máis ao contrario, a Asociación de Profesores e Profesoras Oficiais de Ximnástica foi perdendo pulo e, en 1899, acabou diluída na Federación Ximnástica Española, da que Adolfo Revuelta era o seu responsábel nas Illas Baleares. A Federación, á súa vez, que era unha amálgama de diferentes colectivos con intereses dispares, en 1902 e tras ser declarada de utilidade pública, entrou en crise e foi extinguíndose a súa actividade.

Un ano antes, na asemblea realizada pola Federación en Zaragoza, o “carácter arrogante” de García Fraguas —en palabras do investigador Torrebadella Flix— colmara a paciencia do resto de federados coa publicación dun artigo sobre o encontro que consideraron irreverente e incluso insultante. As diferenzas entre este e o resto de compañeiros de profesión viñan arrastrándose durante case unha década e, finalmente, adoptouse a decisión de expulsalo da Federación nunha “sesión secreta” mantida antes de finalizar a terceira xornada da asemblea. Fraguas retrucou, nunha nota enviada a *El Mercantil de Aragón*, en que manifestaba que endexamais pertencera á Federación. A ruptura impulsou a Adolfo Revuelta a verter luz sobre os manexos de García Fraguas, quen en 1893 lle dítará “letra por letra” o artigo “Campo neutral. Las cátedras de gimnástica”, o cal evitou que Eduardo Vincenti soubese que aquel que ía ao seu despacho visitalo como amigo, e con quen compartía labor na Liga da Educación Nacional, cuestionaba o seu traballo como director xeral de Instrución Pública. Estes feitos e as súas circunstancias son boa mostra do clientelismo e a repartición de poder da época.¹⁰

Aínda así, Adolfo Revuelta non perdeu a ilusión nin a confianza nos seus compañeiros. Participou activamente na creación dunha nova asociación centrada no ámbito escolar, a

de Historia de la Educación, coord. A. Jiménez Eguizábal... [et al.]. (Burgos: Universidade de Burgos, SEDHE, 2003), 477-488.

¹⁰ Xavier Torrebadella Flix, “Los apóstoles de la educación física. Trece semblanzas profesionales en la educación física española contemporánea”, *Revista española de educación física y deportes*, 406 (2014): 57-76; “Por una sesión”, *El Mercantil de Aragón*, 9 de outubro (1901): 2; e “Cartas abiertas”, *Los Deportes*, 48, 1 de decembro (1901): 756.

Asociación de Profesores Titulares de Ximnástica; responsabilizouse do envío da convocatoria e actuou como presidente da primeira reunión que tivo lugar en Madrid en 1902. Tamén colaborou na recompilación de conclusións daquela xuntanza, que foron elevadas ao conde de Romanones, ministro de Instrución Pública, e pasou a formar parte do seu “Directorio” unha vez legalizada. Esta asociación promoveu a revista *La Educación Física Nacional*, que conformou a ferramenta perfecta para dar a coñecer o traballo do colectivo e converterse no seu altofalante.¹¹

Os tres lustros transcorridos dende o momento en que Adolfo Revuelta comezou a súa andaina na Escola Central de Ximnástica até a súa chegada a Compostela, foron un tempo de intensas experiencias vitais e á vez unha etapa de crecente experiencia docente. En Palma de Mallorca a súa actividade educativa dentro e fóra do instituto resultou amplamente valorada tanto naquela época na prensa local e na revista *Los Deportes*, que lle dedicou en 1901 a súa portada e unha sentida “silueta”, como na actualidade a través de investigadores —Manuel García Gargallo, Tomeu Maura e Xavier Torredadella— e de publicacións que lembran o seu papel clave nos inicios do fútbol mallorquino.¹²

A incorporación de Adolfo Revuelta ao Instituto de Santiago

Adolfo Revuelta Fernández accedeu por concurso á praza de profesor numerario de Ximnástica do Instituto de Santiago; o seu nomeamento foi publicado o 9 de xaneiro de 1903 e tomou posesión o día 20 do mes seguinte. O 15 de outubro do mesmo ano, en aplicación da orde que regulamentaba as ensinanzas dos institutos xerais e técnicos, asumiu tamén o posto de profesor de Xogos e Exercicios Corporais na Escola Normal de Mestres de Santiago.¹³

A chegada do profesor Revuelta a Compostela resultou tanxíbel de inmediato. Aínda non levaba un mes á fronte da materia no Instituto e a prensa local xa publicara unha breve nota. Nela informaba da clase práctica realizada polos alumnos de Ximnasia aos que observaran “saliendo por las afueras de la ciudad en correcta formación” e apuntaba que era un feito que honraba ao seu profesor. Certamente a acollida que tivo o profesor na cidade foi extraordinaria, non tanto por estes pequenos espazos de recoñecemento —que co transcorrer dos anos acabaron por ser numerosos— senón polo apoio que tiveron na sociedade compostelá os múltiples proxectos que emprendeu e iniciativas que propuxo. Cabe salientar que foi mérito seu proporcionarlle á disciplina continuidade, visibilidade e unha clara presenza social. Lembremos que anos atrás, no primeiro curso, o conflito xurdido coa censura do libro de texto deixou o ensino da materia nun segundo plano; e así preferiu mantela Eduardo Fariñas Abril até a súa renuncia en xaneiro de 1896 —momento en que iniciou carreira profesional no eido da veterinaria militar—. Pódese

¹¹ AHIX, Expediente persoal de Adolfo Revuelta Fernández; e “Asociación General de Profesores Titulares de Gimnástica”, *La Educación Física Nacional*, 39, xaneiro (1903): 3.

¹² *Los Deportes*, 3, ano 6 (1902). Para afondar no período mallorquino de Adolfo Revuelta: Xavier Torredadella Flix, “Revisión documental. Los inicios del fútbol en Palma de Mallorca, en torno a los orígenes del deporte escolar”, *SportisSci J.*, 1, vol. 5 (2019): 3-29.

¹³ AHIX, Expediente persoal de Adolfo Revuelta Fernández.

dicir o mesmo do paso polo Instituto, entre 1896 e 1903, dos profesores Jacobo Iglesias Vázquez e Francisco López Ferreyra, ambos médicos e este último moi implicado na súa consulta particular.¹⁴

A cidade de Compostela e o seu instituto carecían, en 1903, de experiencias consolidadas no eido da educación corporal. Os precedentes eran o referido labor docente de Eduardo Fariñas, principalmente na primeira metade do curso 1893-94 e, sobre todo, o traballo desenvolvido por Attilio Pontanari Maestrini na escola de ximnasia na Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago. Neste contexto o profesor Revuelta iniciou unha nova etapa que tivo como eixos condutores a reflexión pedagóxica e innovación metodolóxica; a educación física da muller; a promoción e difusión da actividade física e deportiva; e como práctica extraescolar paradigmática, en tanto que aglutinaba os valores educativos que o guiaron ao longo da súa traxectoria vital, o movemento de exploradores.¹⁵

A súa carta de presentación redactouna, unha vez asentado na cidade e sendo xa coñecedor das súas dinámicas, no mes de outubro de 1904 por medio dun artigo cun título que non ocultaba as súas intencións, "Mens sana in corpore sano". Adolfo Revuelta transmite nesta achega unha estampa agarimosa de Compostela e amosa a súa proximidade e sintonía con aqueles que considera o seu principal valor, a bulicosa e alegre mocidade escolar. Mais deseguido explicita a súa pretensión: promover a actividade física mediante unha proposta educativa que, dada a "importancia del aire libre, de la luz y del movimiento" no equilibrio da saúde, estaba baseada nos exercicios físicos e nos modernos deportes (a dous deles fai alusión noutro momento do escrito, o "tennis" e o "foot ball"). Antes de finalizar deixa caer dúas chamadas de atención, acordes co seu inconformismo crítico, dirixidas aos responsábeis ministeriais, que demostraban gran capacidade para producir leis e regulamentos sobre a educación corporal, pero moi pouca para a súa extensión efectiva; e ás familias, máis preocupadas de que os seus fillos obtivesen un título rapidamente que da súa saúde e formación.¹⁶

Unha semana despois publicou un novo artigo, titulado "La Gimnástica y el Gimnasio", no que concretou as características das prácticas que pretendía promover. O primeiro que explica é o concepto de ximnástica, que emprega para referirse unicamente ao ámbito da "gimnasia hixiénica", aquela axeitada aos dous sexos e a calquera idade, sempre que se realice segundo as características de cada persoa, isto é, adaptada individualmente. Delimita a ximnasia hixiénica polos seus fins, que se orientan á mellora da saúde, e son alcanzados ao proxectar esta á súa acción sobre o apetito, o sono, a circulación e o sistema nervioso. Apunta, ademais, que esta práctica gañou importancia debido ao estilo de vida carente de actividade corporal; aínda que tamén comporta ris-

¹⁴ *Gaceta de Galicia*, 12 de marzo (1903): 2.

¹⁵ En relación co precedente citado: José L. Antas Ramos, "Attilio Pontanari Maestrini: o precursor da educación física en Compostela no declinar do século XIX", *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, 22 (2018): 171-188.

¹⁶ Adolfo Revuelta Fernández, "Mens sana in corpore sano", *Gaceta de Galicia*, 7 de outubro (1904): 2-3.

cos, xa sexan derivados dunha incorrecta dirección xa do resultado de compaxinala con costumes malsáns.¹⁷

No texto tamén hai espazo para a posta en valor do que considera un importante logro alcanzado na cidade, como é a existencia dun ximnasio instalado nun local correcto e salubre. Ese establecemento era o ximnasio da Sociedade Económica e, aínda que no artigo non o menciona, dirixíao el mesmo dende había case un ano e estaba recuperando o dinamismo de antano. Deste xeito fixo un público recoñecemento ao traballo de quen fora responsábel da súa posta en marcha en 1889, Atilio Pontanari.

O perfil docente de Adolfo Revuelta no Instituto de Santiago

Dende o momento da súa chegada a Compostela as actividades ao aire libre, os xogos e os deportes foron as prácticas que en gran medida identificaron o quefacer de Adolfo Revuelta. Ao comezo do curso 1903-04 logrou a aprobación do claustro para que os recreos consistisen en xogos ao aire libre dirixidos por el; para iso íanse establecer dous grupos de alumnos, “uno con los de 1º, 2º y 3º curso y otro con los de 4º, 5º y 6º”. Neses primeiros anos no Instituto propiciou tamén que o alumnado comezase a “ejercitarse en el *foot-ball*, cuyo *sport*” propuxérase propagar, segundo recolleu un breve apuntamento xornalístico.¹⁸

Porén, Adolfo Revuelta era un profesor reflexivo e metódico, crítico coa realidade que lle tocou vivir, mais tamén coa súa propia praxe; consciente da necesidade dun desenvolvemento integral capaz de activar todo o organismo e de facelo en equilibrio co resto de facetas do ser humano. A comprensión das carencias da súa formación inicial na Escola Central de Ximnástica, construída sobre a ximnasia de aparellos, a esgrima e o tiro, non só o impulsaba a explorar e incorporar as prácticas que acabamos de salientar, senón que o mantiña en constante busca. Nas súas inquiredanzas comezaba albiscar un sistema, o sueco, ao que xa aludía en 1906 —nunha disertación analizada no seguinte apartado— polos bos resultados que proporcionaba traballando, con pequenos grupos de alumnas, exercicios combinados de pernas, brazos e tronco.¹⁹

O punto de inflexión na súa traxectoria persoal e profesional produciuse en 1911, nas conferencias de educación física que, con motivo da terceira asemblea do profesorado de Ximnasia, organizou este colectivo en Madrid. As palestras foron impartidas por un dos máis importantes divulgadores internacionais do método de ximnasia sueca,

¹⁷ Adolfo Revuelta Fernández, “La Gimnástica y el Gimnasio”, *Gaceta de Galicia*, 14 de outubro (1904): 1.

¹⁸ AHIX, Serie 1.1, Caixa 2, Libro de actas de claustro (1876), sesión extraordinaria do día 27 de novembro de 1903. “De Santiago”, *Arte y Sport*, 19, ano II, 10 de abril (1904): 11.

¹⁹ A cita sobre o sistema sueco está tomada da conferencia de extensión escolar ditada por Adolfo Revuelta baixo o título “Educación física de la mujer”, na terceira sesión do Certame Pedagóxico organizado en Santiago en 1906 polo profesorado da Escola Normal de Santiago coa colaboración do da Escola de Xordomudos e Cegos, do da Escola de Música da Sociedade Económica e dos mestres públicos da cidade. Os textos empregados para acceder ao contido da conferencia son os seguintes: Adolfo Revuelta Fernández, “Educación física de la mujer”, *El Régimen Naturalista* 40 e 43, abril e xullo (1907): 59-64 e 112-116. Sobre a formación na Escola Central: Anastasio Martínez Navarro, “Datos para la historia...”, *op. cit.*

o doutor Philippe Tissié. Este médico francés, orixinario de Ariège e grande afeccionado ao ciclismo, viaxara a Suecia en 1898 nunha expedición patrocinada polo Ministerio de Instrución Pública do seu país. Esta experiencia levouno a converterse nun incansábel defensor e promotor da ximnasia sueca. Non obstante, lonxe de abandonar os xogos e as actividades ao aire libre que defendera anteriormente, incorporounas nunha renovada proposta integradora.

Tissié provocou en Revuelta unha fonda impresión ao expoñer, en palabras deste último, “el método sueco en toda su pureza y sus extraordinarios resultados para sostener el equilibrio de la vida”. No artigo que publicou ao seu regreso á cidade, titulado “Tissié en el Ateneo”, evidenciaba a súa admiración pola liña de traballo da Liga Francesa de Educación Física. Tamén destacou o interese que espertara a conferencia, á que asistiran destacadas figuras intelectuais tanto do eido da medicina como da pedagogía, entre elas Francisco Giner de los Ríos —cabe lembrar que Tissié publicara diversas achegas no *Boletín* da Institución Libre de Ensinanza.²⁰

Adolfo Revuelta e Philippe Tissié contactaron por correo pouco tempo despois do encontro mantido en Madrid. O doutor francés na misiva, ademais de subliñar o papel fundamental do profesorado de Ximnasia no progreso da saúde pública, anunciaba a súa participación no Congreso Internacional de Educación Física como delegado do Ministerio de Instrución Pública da Francia. O evento, que tería lugar entre os días 6 e 10 de xuño de 1911 en Odense (Dinamarca), foi visto polo profesor Revuelta como a oportunidade ideal para alcanzar a formación necesaria que posibilitase implantar o método sueco non só en Compostela, senón en todos os centros educativos do país. Con ese propósito solicitou á Xunta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas a honra de ser proposto para asistir ao Congreso “en representación del profesorado oficial de Gimnástica de los Institutos y Escuelas Normales”; e pediu a pensión que se estimase suficiente para sufragar os gastos.²¹

Pese a que a petición de Adolfo Revuelta non foi atendida, en absoluto caeu no desánimo, pola contra, procurou dar forma ás súas ideas revelándose como un pensador positivista. Explorou e experimentou en si mesmo a ximnasia sueca e procurou dotar ese proceso dun marco teórico. No ano 1912 comezou a divulgar os resultados da súa busca e do seu traballo persoal, e non dubidou en expor publicamente que o profesorado debía superar o aprendido e aplicado até ese momento. Exhortou aos “maestros del *antiguo régimen*” que se facían “los *suecos*, desdeñando practicar ó [*sic*] enseñar dicho método” a seguir ese sistema; mais era consciente de que a ximnasia sueca chegara tarde para algúns dos compañeiros ao careceren xa da imprescindible “soltura, agilidad, fuerza, resistencia y *disciplina en los movimientos*, para *demostrar correctamente* los variados ejercicios suecos”. De feito, dende a súa propia experiencia persoal, recoñeceu o

²⁰ Adolfo Revuelta Fernández, “Tissié en el Ateneo”, *Gaceta de Galicia*, 19 de abril (1911): 1.

²¹ “Lo que el Dr. Tissié dice de España”, *Gaceta de Galicia*, 14 de maio (1911): 1. Residencia de Estudiantes, arquivo e biblioteca, XAE, Caixa 121, Exp. 108.

seguinte: “existen bastantes ejercicios, aun entre los elementales, de ese sistema cuya dificultad y correcta ejecución me costó trabajo vencer”.²²

Nese artigo deixou tamén apuntado que a ximnasia sueca constituía o método xenuinamente escolar e pedagóxico, consideración que desenvolveu extensamente na obra, publicada tamén en 1912, *Necesidad e importancia de la educación física*. O texto recolle a memoria que presentou ao certame literario celebrado nos Xogos Florais que, ese mesmo ano, organizou a Liga de Amigos de Santiago; na convocatoria había unha sección baixo o mesmo lema do título, e a achega do profesor Revuelta foi declarada gañadora do primeiro premio polo xurado da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago.²³

O punto de partida da obra son as tres dimensións do ser humano que segundo o autor abrangue a educación integral: a intelectual, a moral e a física; esta última é a que antes proxecta os seus beneficios sobre os individuos e a que máis importancia ten nos primeiros anos de existencia. En consecuencia, a educación física debía constituír unha aprendizaxe para desenvolver de xeito continuo, e atendida de forma preferente ao longo de todo o período de vida escolar. Asemade, a súa importancia, singularmente na dimensión hixiénica, non quedaba reducida á propia práctica, senón que influía tamén tanto nos edificios coma nas condicións en que se desenvolvía o labor educativo. No que respecta ao ámbito específico da actividade corporal, a proposta xira arredor da ximnasia e os xogos; o seu principal obxectivo é, dunha banda, o dominio e control do movemento, mentres que, pola outra, busca o correcto desenvolvemento físico a través do fortalecemento orgánico e da compensación dos desequilibrios. A metodoloxía, á súa vez, debía fuxir da rixidez disciplinaria, lamentabelmente estendida nun sector do profesorado, dado que provocaba desinterese por parte do alumnado e o seu afastamento da educación física.

En relación co deporte Adolfo Revuelta foi un adiantado ao seu tempo; en *Necesidad e importancia de la educación física* establece unha clara distinción entre o concepto de deporte e aquelas outras actividades que, aínda que comparten aspectos, non poden ser cualificadas como tal; a estas denomínaas *xogo deportivo*. Para o autor o deporte está sometido a unhas regras e a un control sobre o seu tempo que ten como consecuencia un grao de exixencia, tanto física como mental, para o que o organismo non está preparado até ter acadado o seu desenvolvemento pleno. As razóns fundamentais que esgrime para rexeitar o deporte en idades temperás son fisiolóxicas, sustentadas na importancia de desenvolver as fibras musculares de xeito progresivo, de protexer as articulacións, e de evitar a fatiga para protexer o corazón. Considera que a competición deportiva provoca unha demanda extrema sobre o organismo, e que esta só pode ser asumida tras completar o período de crecemento e alcanzada a plenitude corporal. Mentres tanto, os máis novos deben recrearse e exercitarse no xogo deportivo, pero sen deixar de lado a ximna-

²² Adolfo Revuelta Fernández, “Notas compostelanas”, *La Correspondencia de España*, 5 de abril (1912): 4. Este mesmo artigo publicouno tamén a cabeceira *El Correo de Galicia* o día 13 de abril.

²³ Adolfo Revuelta Fernández, *Necesidad e importancia de la educación física* (Santiago: Tipografía Galaica, 1912).

sia, dado que esta práctica é a que posibilita un desenvolvemento equilibrado e senta as bases sobre as que consolidar, xa na idade adulta, o deportista.

Para concluír a súa achega, o profesor Revuelta asume a tarefa de ensaiar unha definición para a educación física. Afirma que é unha ciencia baseada no coñecemento e na aplicación da anatomía, a fisioloxía, a hixiene, a mecánica e a pedagogía, complementada coa práctica dos exercicios de ximnasia educativa, dos xogos corporais e dos deportes. En consecuencia, a súa praxe queda delimitada por ese "coñecemento e aplicación", de xeito que non todos os métodos pertencen ao seu ámbito científico. Este razoamento é o que o leva a sinalar de inmediato, tras a definición, que a educación física debe ser considerada creación de Per Henrik Ling, quen se distanciou dos sistemas seguidos até daquela e aplicou os coñecementos proporcionados pola ciencia na observación, reflexión e experimentación para construír, así, a súa proposta.

En todo caso é importante subliñar que o método de ximnasia aplicado por Adolfo Revuelta foi o desenvolvido por Philippe Tissié. Este tomou do sistema sueco o deseño de tarefas baseado en movementos analíticos, que parten da adopción dunha correcta actitude e postura para crear unha secuencia; pero, complementouno de xeito paralelo con situacións de xogo e períodos de relaxación que proporcionaban unha dimensión de pracer e goce. O seu método de educación física respectaba a estrutura e posta en práctica da ximnasia sueca. Os exercicios de orde, os movementos preparatorios, os exercicios de extensión da columna vertebral e as suspensións conformaban a primeira serie. Os movementos en equilibrio, as marchas, os movementos para activar e exercitar a musculatura das costas, a abdominal, e a transversal, xunto aos movementos das pernas e de novo as suspensións, completaban a segunda serie. Retomábanse finalmente os movementos das pernas, realizábanse os exercicios de salto, novos movementos de pernas e os exercicios de respiración. As repeticións e o ritmo de realización, xunto a alternancia de xogos e de novos exercicios de respiración, modulaban a intensidade e o progreso das sesións de traballo. Emporiso, as actividades ao aire libre e os enredos tiñan tamén cabida e intercalábanse cos demais exercicios.²⁴

No Instituto de Santiago, no curso 1910-11, foi inaugurado o novo ximnasio situado no terceiro andar do edificio, que continuaba a ocupar as dependencias da casa da *Compañía* ou *Exercitantes*, na actual praza de Mazarelos. Tanto nese como nos sucesivos anos académicos, as *Memorias de curso* oficiais reflicten como Adolfo Revuelta dotou e mellorou o seu espazo de traballo, sen esquecer o necesario labor de mantemento e limpeza, á marxe de pequenos arranxos derivados do seu uso. As partidas económicas con destino á clase de Ximnasia mostran que o método sueco constituíu a súa base de traballo, tanto pola compra de material específico como espaleiras, os bancos, o poldro e cadro suecos coma pola adquisición, concretamente no curso 1913-14, dunha "colec-

²⁴ Algúns autores, sobre todo do ámbito francófono, fan referencia a este método de educación física como método franco-sueco.



Ilustración 1. Alumnas do Instituto de Santiago realizando exercicios do método sueco na espaleira (ao fondo o profesor Revuelta).

Fonte: *Vida Gallega*, 105, 15 de abril (1918): 21.

ción de carteles murales con láminas de Gimnasia sueca”, xunto a un total de 23 cadros cos seus correspondentes cristais.²⁵

O emprego do modelo sueco de ximnasia por parte de Adolfo Revuelta para desenvolver o seu facer escolar non só supuxo unha opción educativa, senón que representou unha decisión e compromiso persoal. A este sistema de traballo dedicou máis dunha década de labor docente no Instituto e de actividade divulgativa fóra das súas paredes. Anos máis tarde, cando deixou Compostela e regresou a Madrid, perseverou na mesma liña; nesa cidade, e coa bagaxe acumulada durante a súa etapa en Santiago, continuou dedicando toda a súa enerxía á promoción do método sueco.²⁶

²⁵ Instituto General y Técnico de Santiago, Memoria del curso de 1910 a 1911 (Santiago: Imp. de José M. Paredes, 1912), 49; e Memoria del curso de 1911 a 1912 (1913), 43; e Memoria del curso de 1912 a 1913 (1914), 35. Memoria del Instituto General y Técnico de Santiago durante el curso de 1913 a 1914 (Santiago: Tip. José María Paredes, 1915), 39; así mesmo, Memoria... de 1914 a 1915 (1916), 40, e Memoria... de 1915 a 1916 (1917), 44. Memoria. Instituto General y Técnico de Santiago. Curso 1919-1920 (Santiago: Tip. José M. Paredes, 1921), 47.

²⁶ Mostra dese labor foi a conferencia que ditou no Instituto Cardenal Cisneros no curso 1923-24, sendo xa o profesor de Ximnasia dese centro, sobre a que o xornal *ABC* publicou: “En la cátedra de Gimnasia (...), el profesor de dicha enseñanza, D. Adolfo Revuelta Fernández, (...), hizo una explicación demostrativa de

O labor de Adolfo Revuelta no ámbito da educación física da muller

As primeiras alumnas oficiais que se matricularon no Instituto de Santiago puideron facelo no curso 1910-11. Acababa de ser oficialmente eliminada unha importante barreira no acceso da muller á educación e no seu avance cara á igualdade, pero o camiño non facía máis que comezar en tanto que restaba, a partir dese momento, o máis difícil: a normalización da nova situación. Nese contexto o profesor Revuelta tivo un papel paradigmático, primeiro afondando, promovendo e difundindo a educación física da muller en Compostela; e anos máis tarde, con toda a experiencia acumulada, exercendo de profesor do Curso de Educación Física realizado na Escola Normal Central.

No ano 1906 Adolfo Revuelta, aproveitando o marco do Certame Pedagóxico de Santiago, protagonizou o seu primeiro achegamento formal a este eido ditando a conferencia “Educación física de la mujer”. Na súa palestra fixo un percorrido a través das etapas da vida, a infancia —que dividiu en primeira e segunda infancia— a adolescencia, a mocidade e a idade adulta. Dada a orientación do ciclo de conferencias, dirixidas principalmente a mestras e mestres, dedicou unha maior atención á etapa inicial, aínda que iso non foi obstáculo para deixar perfilada unha perspectiva global.

O punto de partida da súa disertación foi a igualdade entre nenas e nenos facendo fincapé nas características comúns e no feito de que, en todo caso, as diferenzas podían salvarse doadamente cunha correcta dirección por parte da persoa que dirixe a clase. As actividades que cómpre realizar nos primeiros anos de vida debían basearse na canalización das necesidades de movemento e na súa hixiene. Durante a conferencia salientou a importancia e o valor do xogo, e insistiu en que non só debía ser a práctica por excelencia durante a primeira infancia, senón que debía selo en exclusiva; o que implicaba rexeitar os exercicios ximnásticos.

No período da segunda infancia, que debía afondar nun desenvolvemento persoal equilibrado, a súa proposta seguiu priorizando os xogos, aínda que introducindo os exercicios ximnásticos cunha alusión, xa citada, ao “sistema sueco” e aos seus bos resultados. Non obstante, aínda transcorrerían cinco anos até a descuberta do método que considerou ideal, o deseñado por Tissié a partir da ximnasia sueca. Antes de concluír a súa achega sobre este período da vida da muller, fixo unha chamada de atención sobre a importancia da respiración ao aire libre e sobre o impulso que se lle debería dar á natación, que a súa vez podería ir acompañada de xogos de praia.

As súas recomendacións na adolescencia e na idade adulta foron os exercicios ao aire libre, as marchas e pequenas carreiras, os xogos de pelota practicados cos brazos, a natación en calma e todos os exercicios de ximnasia que non implicasen elevar grandes pesos. Tamén fixo referencia á maternidade e á necesidade de fortalecer a musculatura para que fose soporte corporal da muller e da futura nai, pero esta concepción patriarcal

lección completa de gimnasia escolar (método sueco) con sus alumnos y alumnas oficiales de primer curso”; “Lecturas y conferencias”, *ABC*, 30 de maio (1924): 21.

GIMNASIA SUECA
Clase especial para señoritas y niñas conforme
á este método racional de educación física
POR EL PROFESOR
DON ADOLFO REVUELTA
: : : en su domicilio de doce á una : : : :

Ilustración 2. Anuncio do curso de educación física organizado por Adolfo Revuelta.

Fonte: *Gaceta de Galicia*, 4 de novembro (1911): 3.

non lle impediou facer un chamamento a favor da igualdade, reclamando abrirle á muller “aqueles horizontes á que tiene derecho igual al nuestro” moral e socialmente.²⁷

Finalmente, fixo unha aproximación á educación física durante a idade adulta e a madurez, aprofundando na importancia de continuar cunha vida activa de cara ao mantemento das funcións corporais e, sobre todo, da saúde. Reflexionou, ademais, sobre os prexuízos sociais que dificultaban na plenitude da vida da muller, aínda en maior medida que no resto de idades, o acceso ás prácticas físicas e deportivas.

A singularidade do profesor Revuelta, máis que nas súas ideas e nas súas palabras, incluso sendo estas certamente innovadoras, radicou na súa coherencia, no seu firme compromiso coa difusión e extensión da formación corporal, nomeadamente a da muller, como aspecto esencial da educación integral. A súa primeira iniciativa adoptouna en 1911 de xeito persoal; puxo en marcha unha clase especial de ximnasia sueca para mozas e nenas, baseada no que denominaba *método racional de educación física*. Nas sesións, que iniciou no mes de outubro, comezou aplicar as ensinanzas de Philippe Tissié; impartíunas no seu propio domicilio e para dalas a coñecer inseriu ao longo de varios meses un anuncio na prensa local.

É posíbel que na decisión de iniciar esas clases influíse o feito de que as súas tres fillas, Luisa, Pilar e Elena Revuelta Revuelta, tivesen a idade axeitada para asistir. En todo caso, o profesor Revuelta adiantouse con esta proposta ao ensino oficial, dado que as primeiras alumnas matriculadas no Instituto non iniciarían até o segundo curso de bacharelato, é dicir 1911-12, o seu primeiro ano da materia de Ximnasia. A isto hai que engadir que segundo se desprende da acta da sesión ordinaria de claustro do 13 de novembro de 1917, foi a partir dese curso cando o número de alumnas comezou a ser estimábel.²⁸

²⁷ Adolfo Revuelta Fernández, “Educación física de la mujer”, *El Régimen Naturalista*, 43, xullo (1907): 114.

²⁸ AHIX, Serie 1.1, Caixa 3, Libro de actas de claustro (1909), sesión do día 13 de novembro de 1917.



Ilustración 3. Portada que o xornal ABC dedicou ao acto de clausura do Curso de Educación Física (Adolfo Revuelta aparece de pé ao fondo).

Fonte: Arquivo Xeral da Administración, Sección Educación, atado 8.439-3, Expediente persoal de Adolfo Revuelta Fernández.

O labor de Adolfo Revuelta en prol da educación física feminina, o seu coñecemento do sistema de ximnasia sueca e a experiencia acumulada ao longo dos anos de traballo, fixeron do profesor do Instituto compostelán unha figura de referencia. O seu campo de intervención ampliouse con novas responsabilidades, algunhas non tan directamente vinculadas á educación da muller, como a sección que, baixo a denominación “De Educación Física”, asumiu ao xurdir en 1918 a cabeceira xornalística *El Noticiero Gallego, Diario de Santiago*. Outras de carácter puntual, como a palestra titulada “La falta de cultura física, como causa de decaimiento social”, ditada o 16 de marzo de 1919 a petición da asociación católica *Juventud Antoniana*. Mais a tarefa en que puido canalizar todo o seu saber foi a dirección do ximnasio do *Colexio da Ensinanza*, posto en marcha en 1920, ao comezo do curso escolar.²⁹

²⁹ A palestra ditada ante a *Juventud Antoniana* foi publicado en Compostela pola imprenta dos relixiosos franciscanos: Adolfo Revuelta Fernández, *La falta de cultura física, como causa de decaimiento social* (Santiago: El Eco Franciscano, 1919).




Ilustración 4. Alumnas do Instituto de Santiago realizando exercicios de conxunto do método sueco.
Fonte: *Vida Gallega*, 229, 25 de xuño (1923): 18.

A singularidade desta experiencia no *Colexio da Ensinanza* radicou na liberdade que tivo no seu uso o profesor Revuelta, xa que puido empregalo como espazo complementario noutras actividades que realizaba. Tal é así que pouco despois da súa inauguración, aproveitando que na cidade se realizaban oposicións a escolas de nenas, impartiu unha palestra na Universidade sobre “Metodoloxía de educación física” dirixida ás aspirantes; como actividade final visitaron o mencionado ximnasio e alí as opositoras puideron practicar diversos exercicios baixo a súa dirección. O colofón da experiencia foi a proxección de imaxes de escolas de educación física de diferentes lugares do mundo, e a de diversos exercicios practicados nos Xogos Olímpicos. Anos máis tarde, a bagaxe das súas múltiples vivencias contribuiría ao desenvolvemento de dous proxectos na Escola Normal Central de Mestres. Un consistiría na organización das prácticas de educación física aplicando a *Cartilla Ximnástica Infantil*; o outro, na docencia do curso de capacitación como instrutores de educación física infantil, de cinco meses de duración, para as mestras e mestres nacionais que non asistiran á Escola Central de Ximnasia de Toledo. Feito este último que sitúa a Adolfo Revuelta no alborear das promocións civís no ámbito da educación física de mestras e mestres.³⁰

Sexa como for, antes de deixar o Instituto de Santiago, a modo de homenaxe de despedida aínda sen sabelo, a revista *Vida Gallega* publicou unha reportaxe gráfica acompañada dun breve texto que en cursiva recollía a expresión, tan querida e sempre

³⁰ “Una conferencia”, *El Compostelano*, 8 de novembro (1920): 1. AHIX, Expediente persoal de Adolfo Revuelta Fernández.

reivindicada por Adolfo Revuelta, “Cultura física”. Cada unha das fotografías, realizadas por Ksado —Luís Casado Fernández— estaban explicadas de xeito conciso en termos que apuntan ao propio profesor. Na primeira, as alumnas de primeiro e segundo curso realizan exercicios de “extensión dorsal” na espaleira sueca; na segunda pódense ver as alumnas do primeiro curso no cadro sueco; na terceira realizan exercicios de conxunto do método sueco; e na cuarta, exercicios de tronco tamén na espaleira sueca; ademais, en tres delas o profesor Revuelta está situado en segundo plano.³¹

Esta reportaxe condensa á perfección os anos de traballo de Adolfo Revuelta na súa faceta docente en Santiago de Compostela, pero esa non foi a única, pois tamén promoveu e dinamizou actividades deportivas e desenvolveu o movemento de exploradores.

A actividade de Adolfo Revuelta na promoción do deporte e do tecido asociativo en Compostela

No ano 1906 o redactor xefe de *El Mundo Deportivo*, Narciso Masferrer, estaba a realizar unha viaxe por España para esbozar cal era naquel momento a situación da práctica deportiva. Sobre o seu paso por Compostela recolleu na súa crónica a preparación de festivais deportivos de ximnástica, esgrima, ciclismo e “*Foot-Ball*” que se realizarían o seguinte mes durante as festas da cidade. Ao mesmo tempo destacou que a celebración destes eventos denotaba o traballo de fondo levado a cabo por Adolfo Revuelta no Instituto, a Escola Normal e a Sociedade Económica.³²

A disciplina de Ximnasia e o seu profesorado contribuíron decisivamente á popularización e extensión da actividade deportiva nos anos finais do século XIX e nos inicios do século XX. O deporte nesa etapa carecía dunha estrutura organizativa polo que os seus primeiros pasos, nos máis dos casos como o de Santiago, foron unha amálgama de esforzos e proxectos compartidos. O profesor Revuelta comezou a cultivar ese espazo participando na “Sección deportiva” creada no seo da “Comisión popular” de festexos do Concello. Proxectouse un “concurso regional de *Foot-Ball* ‘Campeonato de Galicia’” e foron programadas carreiras ciclistas, un torneo de esgrima e un “Concurso Gimnástico Regional” que comprendía as seguintes probas deportivas: carreiras pedestres de velocidade, obstáculos e resistencia, saltos de altura e lonxitude con e sen trampolín, saltos con pértiga, tiro de barra, loita de corda, argolas e paralelas.³³

As bases destas competicións foron redactadas por Adolfo Revuelta e dadas a coñecer mediante a súa publicación en diferentes cabeceiras de prensa. Deses regulamentos destaca, por unha banda, a intención do profesor de darlles aos eventos unha dimensión galega, establecendo a condición de seren asociacións de fútbol constituídas na Galiza ou, no caso do Concurso Ximnástico, persoas maiores de 16 anos residentes dende polo menos tres meses. E, pola outra, a de darlle formalidade e oficialidade á confrontación

³¹ *Vida Gallega*, 229, 25 de xuño (1923): 18.

³² Narciso Masferrer, “Por España”, *El Mundo Deportivo*, 7 de xuño (1906): 3.

³³ *El Mundo Deportivo*, 7 de xuño (1906): 4; e 19 de xullo (1906): 6.

deportiva ao determinar o modo e o prazo para cursar as inscricións, as condicións materiais necesarias para a realización dos ensaios previos, as características da indumentaria e as normas xerais, con especial atención a aquelas relacionadas co xogo limpo e o emprego da normativa aprobada pola “Asociación de Clubs de Foot-Ball de Inglaterra”. Asemade, Revuelta aproveitou a ocasión para valorar o labor do profesorado oficial da disciplina establecendo que estes docentes poderían agregarse ao xurado incluso no caso de residir fóra.³⁴

O propio Revuelta realizou unha detallada crónica na publicación d’ *El Mundo Deportivo*, nos números do 16 e 30 de agosto, sobre o Concurso Ximnástico e a competición de fútbol que, finalmente, foi denominada Copa Compostelá. O desenvolvemento da experiencia resultou satisfactorio e, á marxe da información sobre participantes e premios ou sobre resultados (caso do 1,45 cm logrado no “salto natural de altura”), Adolfo Revuelta non ocultou a súa frustración ao explicar que resultara imposible formar un equipo de mozos da cidade para loitaren “por su copa”. Mais como demostrou en múltiples ocasións ao longo da súa vida, o dinámico profesor asumiu o reto e no primeiro trimestre de 1907 a sociedade Club Deportivo de Santiago, presidida por el, facía a súa presentación na cidade. O Club tiña por obxecto, ademais de fomentar os deportes na Galiza, promover os exercicios corporais de cara ao perfeccionamento da “cultura física”.³⁵

A primeira actividade organizada polo Club Deportivo consistiu nun concurso ximnástico que tivo lugar no mes de maio de 1907. O encontro, auténtico acto inaugural da entidade, con actividades arredor do atletismo e os xogos de iniciación deportiva orientados á infancia e á mocidade, supuxo un chamamento aos máis novos para que se achegasen á actividade física e aos hábitos de vida saudábeis. Meses máis tarde, co gallo das festas patronais, o Club preparou unha nova competición futbolística denominada “Campeonato de Compostela” e un conxunto de carreiras pedestres e ciclistas. Estabelecéronse requisitos similares aos propostos por Adolfo Revuelta o ano anterior, coa especificación de que os clubs non podían contar con máis de tres xogadores foráneos e estes debían acreditar un mínimo de dous meses de residencia na Galiza. O regulamento que se aplicará nas carreiras pedestres sería o da Sociedade Ximnástica Española e nas ciclistas o da “Unión Velocipédica”.³⁶

A dinámica organizativa do Club Deportivo nas festas da cidade mantívose durante os seguintes anos, aínda que en 1909, debido á celebración da Exposición Rexional en Compostela, a competición de fútbol foi trasladada ao mes de agosto. A modificación tivo

³⁴ “Concurso Regional de Foot-Ball. Campeonato de Galicia”, *La Correspondencia Gallega. Diario de Pontevedra*, 30 de maio (1906): 2; e “Concurso Gimnástico Regional”, *El Correo de Galicia*, 13 de xullo (1906): 1-2.

³⁵ Adolfo Revuelta Fernández, “El Mundo Deportivo en España (De nuestros corresponsales particulares). Santiago”, *El Mundo Deportivo*, 16 de agosto (1906): 6; e “El Mundo Deportivo en España. Santiago. Concurso de Foot-Ball Copa Compostelana”, *El Mundo Deportivo*, 30 de agosto (1906): 6. *Gaceta de Galicia*, 6 de marzo (1907): 2. “Club Deportivo de Santiago”, *Gaceta de Galicia*, 3 de abril (1907): 3.

³⁶ “Concurso Gimnástico”, *Gaceta de Galicia*, 27 de abril (1907): 2; 11 de maio (1907): 2; 15 de maio (1907): 3; e 20 de maio (1907): 1. “Concurso Regional de Foot-ball”, *Gaceta de Galicia*, 28 de xuño (1907): 2. “Carreras pedestres y ciclistas en Santiago de Compostela”, *Gaceta de Galicia*, 2 de xullo (1907): 3.

a súa orixe na preparación do campo de Santa Isabel para o Concurso Hípico co que o Concello agasallou a El-Rei na súa visita para inaugurar a Exposición. Pouco despois, en 1910, Adolfo Revuelta deixou a presidencia do Club e aínda que a entidade continuou o seu labor de promoción deportiva, a partir de 1912 a súa dinámica esmoreceu.³⁷

En tanto, o profesor Revuelta continuaba vinculado a outros proxectos, entre eles os derivados da súa condición de cónsul da Unión Velocipédica Española en Santiago, cargo que exerceu de 1907 a 1923. Neste ámbito demostrou o seu extraordinario entusiasmo na apaixonada intervención realizada en 1913, nunha reunión da Unión a favor da organización dunha volta ciclista a España. Tivo, ademais, no ano 1916 un destacado papel no desenvolvemento do campionato de Galiza de ciclismo, no que exerceu de presidente do xurado da competición. Polo demais, foi responsábel do traballo de enlace entre o Comité Español dos Xogos Olímpicos e as sociedades ximnásticas e deportivas da Galiza, para crear un censo, en 1913, de todos os clubs galegos legalmente constituídos.³⁸

Adolfo Revuelta realizou, ao longo de toda a súa vida, un sobranceiro traballo a prol do deporte; ao mesmo tempo, como profesor, afondou e promoveu o eido da educación física, nomeadamente a feminina, até converterse nun profesional de prestixio no Estado español. O que semella un paradoxo ao analizar o labor de Revuelta nunha realidade tan masculinizada como a deportiva, resulta modulado ao observar como na súa traxectoria vital foi centrándose, cada vez en maior medida, no ámbito da educación e no de experiencias con gran potencial formativo como a dos exploradores. En todo caso, o seu pensamento mostrou un maior grao de liberdade e capacidade de innovación no eido da reflexión educativa.

Adolfo Revuelta e o movemento de exploradores en Compostela

O extraordinario valor do excursionismo como actividade educativa, así como as súas posibilidades prácticas en propostas docentes que facían confluír diferentes fins, constituía un saber que o profesor Revuelta asumira e empregara dende os inicios do seu percorrido profesional. Dende esta perspectiva, o achegamento ao movemento de exploradores ou scoutismo situábo no espazo perfecto para alcanzar unha formación integral da mocidade libre da rixida estrutura da educación formal.

A primeira alusión de Adolfo Revuelta ao scoutismo quedou plasmada na súa obra *Necesidad e importancia de la educación física* (1912); nela describiu a institución fundada polo “ilustre general sir Roberto Baden-Powell” como “escuela práctica de educación física y de educación cívica”. Nese texto subliñou que o *boy-scout* acostumábase ser humanitario e altruísta, e aprendía a soportar “con ánimo sereno” as inclemencias atmos-

³⁷ “El Mundo Deportivo en Santiago”, *El Mundo Deportivo*, 22 de xullo (1909): 4. “Concurso hípico general”, *Gaceta de Galicia*, 19 de xullo (1909): 1.

³⁸ “La Vuelta a España”, *El Mundo Deportivo*, 29 de agosto (1912): 1-2. “Una carrera nacional”, *Diario de Galicia*, 8 de outubro (1916): 1. *El Correo de Galicia*, 26 de febreiro (1913): 2; e *Gaceta de Galicia*, 26 de febreiro (1913): 2.

féricas e as vicisitudes da vida. Tamén destacou a rápida implantación que o movemento estaba a ter na veciña Francia, país que se convertera no seu modelo de referencia.³⁹

En 1913 o profesor Revuelta anunciou a creación do Comité Local de Exploradores Composteláns e fiel ao seu estilo e vocación divulgadora publicou un artigo ao respecto titulado “Los boy scouts en Santiago”. Expuxo nel as características e os obxectivos do movemento e aproveitou a ocasión para deixar “sentado” que o scoutismo era unha “asociación (...) totalmente distinta a los batallones infantiles”; actividade sobre a que manifestara tempo atrás a súa postura contraria.⁴⁰

Antes de que o Comité Local iniciase a súa andaina, Adolfo Revuelta tivo que facer fronte á polémica xurdida na cidade, impulsada dende o *Diario de Galicia*, pola ausencia de filiación católica do scoutismo. O asunto foi debatido nunha reunión presidida polo alcalde, Salvador Cabeza de León, á que asistiron, entre outros, concelleiros, representantes locais e da Universidade, un do exército, e os directores do Instituto, Cándido Ríos Rial, e da Escola Normal, Vicente Fráiz Andón. O profesor Revuelta defendeu na súa intervención que os “*boy-scouts*, en su vida oficial” non practicaban ningunha relixión, se ben isto non era obstáculo para que, segundo as súas palabras, “privadamente acepten y ejerciten lo que tengan por conveniente”. Os presentes concordaron cos argumentos expostos e concederon o seu voto de confianza á comisión organizadora para que procedese ao nomeamento do Comité Local.⁴¹

Adolfo Revuelta, que nunca ocultou o seu talante progresista nin o seu catolicismo practicante, logrou dar forma a un proxecto que aglutinou arredor do scoutismo un elenco de persoas diverso, tanto na liña de pensamento coma na procedencia social. O primeiro grupo de exploradores composteláns realizou a súa excursión iniciática no mes de xuño de 1913; saíron da cidade en dirección sur até á beira do río Sarela en Vidán. Estas actividades repetíronse con frecuencia a partir dese momento, ao tempo que se incrementaba o número de rapaces interesados na experiencia. No mes de agosto, Adolfo Revuelta, organizou un campamento na localidade da Peregrina, próxima á cidade, no que participaron dúas das patrullas con que xa contaba o movemento. Durante os tres días de estada realizaron prácticas de vendaxes e de tiro, construcións improvisadas, actividades físicas e recreativas, e experimentaron momentos de camaradería dos que foi partícipe o profesor. Ao amencer do último día asistiron á misa dominical celebrada na igrexa parroquial.⁴²

Das moitas actividades e iniciativas desenvolvidas polos exploradores e polo seu comité local, entre elas unha velada teatral para recadar fondos que contou coa presenza

³⁹ Adolfo Revuelta Fernández, *Necesidad...*, *op. cit.*, 23-24.

⁴⁰ Adolfo Revuelta Fernández, “Los boy scouts en Santiago”, *Gaceta de Galicia*, 16 de abril (1913): 1. O 18 de abril publicou unha segunda parte deste artigo na que fixo público recoñecemento a Teodoro Iradier Herrero, iniciador do movemento en España.

⁴¹ “Reunión en el Ayuntamiento”, *Diario de Galicia*, 29 de abril (1913): 1.

⁴² “Los Exploradores Compostelanos. Su primera excursión”, *Gaceta de Galicia*, 15 de xuño (1913): 2. “Exploradores compostelanos. El primer campamento”, *Gaceta de Galicia*, 28 de agosto (1913): 2.

✦ ✦ LA DUELTA A GALICIA ✦ ✦ Círculo de los exploradores gallegos



Santiago.—El jefe de los exploradores é iniciador del círculo, D. Adolfo Revuelta (s), con el grupo que hará este singular recorrido.—Gráfico del círculo completo. (Permite seguir el recorrido y saber los sitios de incorporación de los grupos locales) Fotografías L. Ksado

Ilustración 5. Noticia sobre a próxima celebración do Círculo de Galiza.
Fonte: *Vida Gallega*, 87, 31 de maio (1917): 15.

e apoio do bispo auxiliar, a que se pode cualificar de senlleira foi a denominada Círculo de Galiza. A proposta, xurdida en 1917, consistía en completar a pé un percorrido de 411 quilómetros en 18 xornadas, partindo de Compostela e regresando nos días previos ao 25 de xullo. A viaxe pretendía dar a coñecer o movemento de exploradores e, ao mesmo tempo, xerar un efecto multiplicador a través da proxección futura das aprendizaxes vividas polos seus participantes. Tanto *Gaceta de Galicia* como *Vida Gallega* fixeron seguimento da iniciativa, o xornal mediante diversas crónicas e a revista con dúas reportaxes gráficas. Nas súas páxinas informaron sobre as 20 xornadas de convivencia transcorridas do 4 ao 23 de xullo, nas que os exploradores e Adolfo Revuelta completaron o Círculo; tamén recolleron a benvinda que lles brindou a cidade a eles e aos explorados doutras lo-



Santiago.—Damas de «La Cruz Roja» y exploradores que prestaron abnegados y meritorios servicios, testimoniando sus sentimientos humanitarios, durante la última y pavorosa epidemia gripal.
F.º Ksado

Ilustración 6. Os exploradores composteláns e Adolfo Revuelta (de pé no centro) xunto ás damas da Cruz Vermella.

Fonte: *Vida Gallega*, 123, 30 de marzo (1919): 15.

calidades con que compartiron o regreso, así como os múltiples actos e visitas realizados os días 24 e 25.⁴³

Outra das actuacións dos exploradores e de Adolfo Revuelta que tivo un valor inestimábel, aínda que lograra menos proxección, foi a valente e solidaria colaboración que prestaron xunto ás voluntarias da Cruz Vermella durante a “pavorosa epidemia gripal” de 1918, a coñecida como *gripe española*. No caso do profesor o recoñecemento foi tamén oficial, posto que lle foi outorgada a “Cruz de Oro de la Abnegación por servicios prestados durante la epidemia en Santiago de 1918, concedida por el Consejo Directivo Nacional de Exploradores á [sic] propuesta de la Junta de Damas de la Cruz Roja de Santiago”.⁴⁴

Adolfo Revuelta foi a figura carismática capaz de asumir responsabilidades e organizar axudas nunha situación extrema como a da gripe de 1918; ou de idear e dinamizar

⁴³ Adolfo Revuelta Fernández, “El Circuito de Galicia”, *Gaceta de Galicia*, 22 de marzo (1917): 1. “El Circuito de Galicia”, *Gaceta de Galicia*, 3 de xullo (1917): 3. “El Circuito Galicia por los Exploradores”, *Gaceta de Galicia*, 6 de xullo (1917): 2; e 10, 12, 13 e 23 de xullo. “Los exploradores”, *Gaceta de Galicia*, 24 e 26 de xullo (1917): 1, 2. *Vida Gallega* 92, 10 de setembro (1917): 24; e 94, 15 de outubro (1917): 23.

⁴⁴ AHIX, Expediente persoal de Adolfo Revuelta Fernández. O profesor do Instituto de Santiago xa vivira con anterioridade unha experiencia en relación coa prestación de servizos sanitarios, pois entre os méritos persoais que figuran no seu expediente consta o da súa colaboración “durante la epidemia colérica de 1892” en Puigcerdá (Xirona). A solidariedade foi un valor que inculcou ás súas fillas; Elena e Pilar Revuelta actuaron como “damas enfermeras” durante a epidemia de gripe e, segundo recolleu *El Noticiero Gallego*, “su Majestad la Reina D.^a Victoria” concedeu-lles, xunto a outras voluntarias, “la medalla de segunda clase”; *El Noticiero Gallego*, 18 de marzo (1919): 3.



Ilustración 7. Imaxe de Adolfo Revuelta Fernández.
Fonte: *La Educación Física*, 1, 2.ª época, xuño (1932).

proxectos formativos tan persoais e complexos como o Circuito de Galiza. Neste, o profesor deixou plasmado, como se dun lenzo se tratase, o seu compromiso coa educación da mocidade, a súa paixón polo excursionismo e as actividades na natureza, o seu gusto polo esforzo físico e a importancia de disciplinar a vontade, mais tamén a súa identificación cun territorio e un pobo no que se recoñeceu, no que se sentiu acollido e ao que quixo pór en valor.

A modo de conclusión

O profesor Revuelta influíu decisivamente na vida compostelá durante o seu paso pola cidade, incluso en facetas omitidas nesta achega como as súas crónicas dos Xogos Olímpicos ou a xefatura do corpo de bombeiros. Ao seu regreso a Madrid, tras exercer no curso 1923-24 no Instituto Cardenal Cisneros e despois de perder a súa praza debido a un erro na puntuación doutro candidato, contribuíu ao progreso da disciplina dende o seu posto na Escola Normal Central de Mestres. Finalmente, en 1928, foi nomeado profesor de Educación Física do Instituto San Isidro, e no banquete organizado para homenaxealo o propio director do Instituto Cardenal Cisneros lamentou non contar entre o seu profesorado co “Tissié español de educación física”.⁴⁵

⁴⁵ “Homenaje a Revuelta”, *El Compostelano*, 29 de maio (1928): 1.

O pasamento de Adolfo Revuelta Fernández produciuse o 18 de decembro de 1935. Nese momento as bases dunha educación física moderna e integradora estaban xa sentadas. Dous anos antes fora creada a Escola Nacional de Educación Física de San Carlos e en 1936, tras a vitoria da Fronte Popular, púxose en marcha un grupo parlamentario de Educación Física e Deportes nas Cortes coa intención de actualizar e impulsar o ensino da materia e a práctica deportiva. O golpe militar contra o réxime democrático republicano e a posterior ditadura criminal de *respectábeis apelidos* e curia católica, soterrou neste, e noutros ámbitos, os avances conquistados.⁴⁶

Bibliografía

Antas Ramos, José Luís. “Attilio Pontanari Maestrini: o precursor da educación física en Compostela no declinar do século XIX”. *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, 22 (2018): 171-188.

Antas Ramos, José Luís. “La elección de un texto escolar en el Instituto de Santiago: un conflicto entre el dogma católico y el conocimiento durante el curso 1893-1894”. En *Etnohistoria de la escuela. XII Coloquio Nacional de Historia de la Educación*, coordinado por Alfredo Jiménez Eguizábal... [et al.], 477-488. Burgos: Universidade de Burgos, SEDHE, 2003.

“Asociación General de Profesores Titulares de Gimnástica”. *La Educación Física Nacional*, 39, xaneiro (1903): 3.

“Carreras pedestres y ciclistas en Santiago de Compostela”. *Gaceta de Galicia*, 2 de xullo (1907): 3.

“Cartas abiertas”. *Los Deportes* 48, 1 de decembro (1901): 756.

“Club Deportivo de Santiago”. *Gaceta de Galicia*, 3 de abril (1907): 3.

“Concurso Gimnástico”. *Gaceta de Galicia*, 27 de abril (1907): 2.

⁴⁶ Entre os deputados participantes houbo unha ampla representación do pensamento máis progresista do Estado. Os seus nomes e o seu destino poucos meses despois permiten un achegamento ao que foi a aniquilación dos avances acadados e dos seus impulsores; algúns dos asistentes foron: Francisco Casas Salas (fusilado en 1936), Ángel Pestaña (falecido durante a guerra por enfermidade), Luis Rufflanhas (executado en 1937), Ramón Fernández Mato, Rodolfo Llopis (exiliado), Manuel Molina Conejero (fusilado en 1939), Margarita Nelken (exiliada), Francisco Menoyo Baños (fusilado en 1939), Mariano Serrano Mendicute, Luis Romero Solano (exiliado), Julián Borderas Pallaruelo (exiliado), Alberto Fernández Ballesteros (exiliado), Leandro Pérez Urría (exiliado), Carlos Rubiera Rodríguez (fusilado en 1942), Antonio Fernández-Bolaños Mora (exiliado), José Antonio Trabal Saus, Juan Peset Aleixandre (fusilado en 1941), Enrique Cerezo Senís (exiliado), Eliseo Gómez Serrano (executado en 1939), Roberto Escribano Iglesias (exiliado), Pedro Vargas Guereniain (exiliado), Manuel de Irujo (exiliado), Miguel Amilibia (exiliado), Vicente Marco Miranda (fuxido) e Manuel Martínez Pedroso (exiliado). “El grupo parlamentario de Educación física y Deporte”, *El Sol*, 13 de xuño (1936): 3.

- "Concurso Gimnástico Regional". *El Correo de Galicia*, 13 de xullo (1906): 1-2.
- "Concurso Regional de Foot-ball". *Gaceta de Galicia*, 28 de xuño (1907): 2.
- "Concurso Regional de Foot-Ball. Campeonato de Galicia". *La Correspondencia Gallega. Diario de Pontevedra*, 30 de maio (1906): 2.
- "De Santiago". *Arte y Sport*, 19, ano II, 10 de abril (1904): 11.
- "El grupo parlamentario de Educación física y Deporte". *El Sol*, 13 de xuño (1936): 3.
- "El Mundo Deportivo en Santiago". *El Mundo Deportivo*, 22 de xullo (1909): 4.
- "Exploradores compostelanos. El primer campamento". *Gaceta de Galicia*, 28 de agosto (1913): 2.
- García Fraguas, José Esteban. *Tratado racional de Gimnástica y de los ejercicios y juegos corporales. Teoría y Práctica de los Ejercicios Gimnásticos y del Sport*. Tomo II. Madrid: Casa Editorial y Librería de la Viuda de Hernando y Compañía, 1894.
- "Homenaje a Revuelta". *El Compostelano*, 29 de maio (1928): 1.
- Instituto General y Técnico de Santiago. *Memoria del curso de 1910 a 1911 (e 1911 a 1912; 1912 a 1913; 1913 a 1914; 1914 a 1915; 1915 a 1916)*. Santiago: Imp. de José M. Paredes, 1912 (1913, 1914, 1915, 1916, 1917).
- "La Vuelta a España". *El Mundo Deportivo*, 29 de agosto (1912): 1-2.
- Langlade, Alberto, e Nelly Rey de Langlade. *Teoría general de la gimnasia*. Buenos Aires: Stadium, 1986.
- "Lecturas y conferencias". *ABC*, 30 de maio (1924): 21.
- "Lo que el Dr. Tissié dice de España". *Gaceta de Galicia*, 14 de maio (1911): 1.
- Los Deportes*, 3, ano 6 (1902).
- "Los Exploradores Compostelanos. Su primera excursión". *Gaceta de Galicia*, 15 de xuño (1913): 2.
- Martínez Navarro, Anastasio. "Datos para la historia de una iniciativa fallida: la Escuela Central de Gimnástica". *Historia de la Educación, Revista interuniversitaria*, 14-15 (1995-96): 125-149.

- Masferrer, Narciso. "Por España". *El Mundo Deportivo*, 7 de xuño (1906): 3.
- Memoria. Instituto General y Técnico de Santiago. Curso 1919-1920. Santiago: Tip. José M. Paredes, 1921.
- "Por una sesión". *El Mercantil de Aragón*, 9 de outubro (1901): 2.
- "Reunión en el Ayuntamiento". *Diario de Galicia*, 29 de abril (1913): 1.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "Campo neutral. Las cátedras de gimnástica". *El País*, 21 de outubro (1893): 1.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "Educación física de la mujer". *El Régimen Naturalista* 40 e 43, abril e xullo (1907): 59-64 e 112-116.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "El Circuito de Galicia". *Gaceta de Galicia*, 22 de marzo (1917): 1.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "El Mundo Deportivo en España (De nuestros corresponsales particulares). Santiago". *El Mundo Deportivo*, 16 de agosto (1906): 6.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "El Mundo Deportivo en España. Santiago. Concurso de Football Copa Compostelana". *El Mundo Deportivo*, 30 de agosto (1906): 6.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "La Gimnástica y el Gimnasio". *Gaceta de Galicia*, 14 de outubro (1904): 1.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "Los boy scouts en Santiago". *Gaceta de Galicia*, 16 e 18 de abril (1913): 1.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "Mens sana in corpore sano". *Gaceta de Galicia*, 7 de outubro (1904): 2-3.
- Revuelta Fernández, Adolfo. *Necesidad e importancia de la educación física*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica, 1912.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "Notas compostelanas", *La Correspondencia de España*, 5 de abril (1912): 4.
- Revuelta Fernández, Adolfo. "Tissié en el Ateneo". *Gaceta de Galicia*, 19 de abril (1911): 1.

Torreadella Flix, Xabier. "De la Asociación de Profesores y Profesoras Oficiales de Gimnástica (1891) al Colegio Nacional de Profesores de Educación Física (1948). Un análisis histórico para una crítica del presente. I parte (1891-1900)". *Revista Española de Educación Física y Deportes*, 413 (2016): 79-95.

Torreadella Flix, Xabier. "Los apóstoles de la educación física. Trece semblanzas profesionales en la educación física española contemporánea". *Revista española de educación física y deportes*, 406 (2014): 57-76.

Torreadella Flix, Xabier. "Revisión documental. Los inicios del fútbol en Palma de Mallorca, en torno a los orígenes del deporte escolar". *SportisSci J.*, 1, vol. 5 (2019): 3-29.

"Una carrera nacional". *Diario de Galicia*, 8 de outubro (1916): 1.

"Una conferencia". *El Compostelano*, 8 de novembro (1920): 1.

Vida Gallega, 92, 10 de setembro (1917): 24; e 94, 15 de outubro (1917): 23.

Vida Gallega, 229, 25 de xuño (1923): 18.